É hora de **espertar o teu talento dixital.** Animámoste a mellorar as túas habilidades dixitais mediante formación gratuíta e personalizada. Descubre na web de **Generación D** cursos, obradoiros, conferencias en liña e presenciais, próximos á túa localización e adaptados ás túas necesidades.

Pero **que é este movemento?**

**'Generación D'** é unha iniciativa estatal para sensibilizar e concienciar sobre a necesidade do desenvolvemento das competencias dixitais da cidadanía española e romper coa fenda dixital.

**Visita o portal e saca o máximo partido ás ofertas formativas en**

**https://generaciond.gob.es/iniciativas**



**Anímate e pon a punto as túas habilidades.**

**O cambio está nas túas mans!**

Únete a la GENERACIÓN D

Cada día somos más

# TU FUTURO SE ESCRIBE CON D



rtve

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

España | digital 2026

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

# Aproveita as oportunidades do mundo dixital!

Usar as **novas tecnoloxías** nunca fora tan doado e beneficioso.
Se te unes á **dixitalización,** poderás gozar de todas estas oportunidades:



**Coñece todas as ferramentas do teu dispositivo e** sácalle o mellor partido.



**Mantente preto dos teus,** estean onde estiveren.



**Contacta co teu médico** de forma doada e rápida.



**Crea un currículo ou un álbum de fotos** sen necesidade de seres experto.



Compra en liña de **maneira segura.**

# Pon a proba as túas habilidades dixitais

**Coñece cal é o teu nivel en competencias dixitais** de maneira sinxela mediante o **test autodiagnóstico**. Un breve formulario que che dirá como avanzar neste percorrido cara á dixitalización.
Só precisarás uns minutos!

**Escanea este código QR** coa cámara do teu móbil e accederás ao formulario.
Aí atoparás preguntas sobre os teus coñecementos en buscadores da Internet, redes sociais, ciberseguridade, xestións en liña...

**Escanéame!** **Doado e rápido!**

Ademais dos niveis de competencia, obterás **unha oferta de capacitación dixital** a través das iniciativas de entidades da túa cidade que se adscribiron a **Generación D** ou que formen parte da **Rede de Centros de Capacitación Dixital.** Desta maneira, poderás gozar de cursos, obradoiros, conferencias... todo gratuíto.

